



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

### *Padrón SAF. Xaneiro 2023*

Por resolución da Alcaldía de data 8 de maio de 2023, adoptouse o acordo de aprobar o padrón de cobro do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro do ano 2023.

O referido padrón queda exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A presente publicación servirá de notificación colectiva conforme ao establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo mencionado, os interesados poderán interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos no referido artigo.

O período de pago en vía voluntaria remata o 8 de xullo de 2023. Transcorrido este prazo procederá a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

Mañón, 8 de maio de 2023

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira

2023/3650